



# PLAN DIXITAL

[IES As Mariñas]

[Versión 1.0\_xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O I.E.S. As Mariñas conta cunha plantilla de 72 profesores/as, dos cales a maior parte ten destino definitivo no centro, e o número de alumnado matriculado supera os 780 e vai en aumento.

Están distribuídos no réxime ordinario (ESO, Bacharelato, Formación Profesional Básica e Ciclos Formativos) e Educación de Adultos (ESA e Bacharelato). Dispoñemos dun total de sete edificios; un edificio central que acolle: os despachos de todos os órganos administrativos, conserxería, aulas da ESO, despachos de dirección, xefaturas de estudos, departamento de orientación, salón de usos múltiples, biblioteca, dous laboratorios, cafetería, etc. No resto de edificios sitúanse as aulas dos alumnos de Bacharelato, de Ciclos de Formación Profesional, Formación Profesional Básica 1º e 2º, así como a aula de música e o polideportivo.

Actualmente impártense no Centro as ensinanzas correspondentes a Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior, Formación Profesional Básica e Ensinanza Secundaria de Adultos, distribuídos do seguinte xeito:

- E.S.O.: 1º de ESO (2 grupos), 2º de ESO (2 grupos) 3º de ESO (2 grupos) e 4º de ESO (2 grupos)
- Bacharelato: 1º BAC da modalidade de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais distribuídos en 2 grupos. 2º BAC da modalidade de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais distribuídos en 2 grupos.
- Ciclos Formativos de Grao Medio: - Ciclo Medio de "Electromecánica de Vehículos" (2 cursos) - Ciclo Medio de "Xestión Administrativa" (2 cursos) - Ciclo Medio de "Instalacións Eléctricas e Automáticas" (2 cursos)
- Ciclos Formativos de Grao Superior: - Ciclo Superior de "Automoción" (2 cursos) - Ciclo Superior de "Administración e Finanzas" (2 cursos) - Ciclo Superior de "Sistemas Electrotécnicos e Automatizados" (2 cursos)
- Formación Profesional Básica: - 1º e 2º cursos de Mantemento de Vehículos - 1º e 2º de Servizos Administrativos.
- Educación de Persoas Adultas: - Educación Secundaria de Adultos (Módulos I, II, III, IV). - Bacharelato adultos (1º e 2º)

O noso instituto é un centro rico na súa diversidade, que pretende ser un lugar para a aprendizaxe e a convivencia, donde toda a

comunidade educativa goce dun espazo de referencia para expresar libremente as súas crenzas, pensamento e cultura, respectando en igualdade e liberdade do resto dos membros de dita comunidade.

Manter unha óptima comunicación entre todos e todas é unha necesidade e un obxectivo que trataremos de alcanzar.

Unha boa comunicación permite manter relacións positivas entre tódolos membros da comunidade e construír pontes de entendemento para alcanzar consensos.

## **1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**

Este Plan dixital é un instrumento de planificación integrado no futuro Proxecto Educativo do centro que persegue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe.

Tendo en conta o mundo actual no que vivimos, é necesario planificar e desenvolver accións que fomenten o uso da tecnoloxía dende unha perspectiva máis global, mirando o centro educativo como a unidade de transformación e deseñando plans de mellora que poidan ser desenvolvidos co impulso do equipo directivo dun centro e tódolos membros da súa comunidade educativa.

O Marco de Competencia para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes permítenos facer unha análise da realidade do noso centro e deseñar un plan de acción.

O Plan Dixital do Centro recolle as accións para desenvolver e mellorar a competencia dixital da organización. Aínda que o proceso de desenvolvemento e difusión de tecnoloxías é imparabile, parece que xa se consolidan unha serie de recursos, ferramentas e servizos que permiten mellorar os procesos educativos, non só os que ocorren na aula, senón tamén todos aqueles que contribúen a que os centros educativos cumpran coa súa función formativa.

## **1.3. Breve xustificación do mesmo**

O Plan Dixital debe ser:

*“O instrumento que adecúe e facilite o uso dos medios dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, entendido desde o obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do alumnado”. Para iso, “é fundamental dar un enfoque do centro ó uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, de modo que se convirta nun proxecto*

*compartido para os membros da comunidade educativa, que aporte coherencia e guíe no uso das tecnoloxías e da comunicación. Será un instrumento que forme parte do Proxecto Educativo, do Proxecto de Dirección e da Programación Xeral Anual (PXA)”.*

A referencia fundamental para que os centros desenvolvan o seu potencial dixital a través dun Plan é o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), desenvolto polo Centro Común de Investigación (JRC, Joint Research Centre), da Comisión Europea.

Este Marco é parte do estudo Furthering Innovative Education, posto en marcha pola Dirección Xeral de Educación Cultura da Comisión Europea e o Centro Común de Investigación - Instituto de Estudios de Prospectiva Tecnolóxica (IPTTS).

Ademais é necesario ter en conta as seguintes normas vixentes:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 cos seguintes referentes:

a) A transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións establecidas polo Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (DigCompOrg): pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.

b) O Marco Europeo propón unha análise do centro baseado en sete elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración. Cada centro poderá engadir outros elementos adecuados ás súas características específicas.

#### 1.4. Proceso de elaboración

Neste curso 2021-2022 coa Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.


Ademais, coa Resolución do 7 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos que constituirán a Rede Galega de Educación Dixital, para o curso 2021-2022.

Esta Rede Galega de Educación Dixital está organizada en 26 equipos ADIX para 78 centros educativos, dentro de cada centro educativo organizáronse os equipos de dinamización do Plan Dixital, no IES AS Mariñas dito equipo está formado por 3 persoas, que son:

1. **Director:** D. Francisco Javier González Illanes
2. **Coordinador EDIXGAL:** D. Pablo Maceira Fernández
3. **Coordinador do PD:** D. Miguel A. Folgar Fraga

O proceso de elaboración e deseño fíxose tendo en conta a seguinte temporalización ó longo deste curso 2021-2022:

- 1.- Novembro 2021: Rede Dixital Galega (posta en marcha da rede e contacto das persoas ADIX cos centros educativos)
- 2.- Decembro 2021: Análise SELFIE (configuración e envío do SELFIE nos centros educativos)
- 3.- Febreiro 2022: Test CDD (Realización do test CDD por parte do profesorado dos centros)
- 4.- Marzo 2022: Análise DAFO (recompilación de datos, reflexión e elaboración do DAFO do centro)
- 5.- Abril-Maio 2022: Deseño PD-Plan de acción-Obxectivos a seguir.
- 6.- Xuño 2022: Elaboración Plan Dixital de centro.



**1. Edificio principal (A):** conta cos seguintes espazos

- DIRECCIÓN
- XEFATURA DE ESTUDOS
- ORIENTACIÓN
- SECRETARÍA
- BIBLIOTECA
- CONSERXERÍA
- CAFETERÍA
- AULAS E LABORATORIOS
- SALÓN DE ACTOS
- SALA DE ACTIVIDADES
- SALA DE XUNTAS
- SALA DE PROFESORES
- AULAS TIC
- DEPARTAMENTOS

**2. Edificio (B):** conta cos seguintes espazos

- AULAS DE CICLOS FORMATIVOS DE ADMINISTRATIVO
- AULAS DE BACHARELATO E LABORATORIOS DE TECNOLOXÍA

**3. Edificio (C):** conta cos seguintes espazos

- AULAS E TALLERES DE CICLOS FORMATIVOS DE ELECTRICIDADE E AUTOMOCIÓN

**4. Edificios (D, E):** conta cos seguintes espazos

- AULAS E TALLERES DE FOL, CICLOS FORMATIVOS DE AUTOMOCIÓN E ADMINISTRATIVO

**5. Edificio (F):** é o PAVILLÓN POLIDEPORTIVO

**6. Edificio (G):** é AULA DE MÚSICA

**Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:** en tódolos edificios con aulas, despachos e servizos administrativos existe unha conectividade mellorada neste 2 últimos cursos. Na actualidade as infraestruturas de voz e de datos teñen conexións cableadas (rede con ancho de banda 1 GB) e sen fíos ampla en todo o centro. Cabe destacar que no edificio A e na planta alta do edificio B despregouse a rede sen fíos Abalar, grazas á participación do centro no proxecto E-Dixgal na totalidade dos cursos da ESO.

### **Equipamento dispoñible e identificación dos usos**

- **aulas dixitalizadas co proxecto E-Dixgal** (8 aulas da ESO dende 1º ata 4º, que dispoñen de ordenador de aula, proxector, PDI, miniportátiles convertibles asignados a cada alumno para uso persoal e carro de carga para ditos equipos),
- **aulas de bacharelato con ordenador de aula e proxector,**
- **equipos de xestión e administración** 6 equipos
- **uso na biblioteca** 2 ordenadores de sobremesa para o alumnado e 1 ordenador para a xestión e préstamo de libros da biblioteca,
- **equipos para uso na sala de profesorado** 4 ordenadores de sobremesa para uso do profesorado
- **departamentos, equipos ultraportátiles para servizo de préstamo do alumnado e profesorado** 45 equipos
- **2 aulas de TIC no edificio principal**
  - (A) a7, que dispón de 32 equipos de sobremesa
  - a24, con 12 equipos de sobremesa  
*ambas dispoñen tamén de equipo de docente e proxector)*
- **outras aulas de ciclos de administrativo, electricidade e dotacións para proxectos específicos.**

**Servizos dixitais educativos:** *servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual Moodle do centro, Aqueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,...).*

**Xestión do mantemento do equipamento** do centro polo servizo da Consellería AMTEGA.

## **2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO**

**2.2.1. Autoavaliación SELFIE:** información obtida da participación e do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa nsa seguintes táboas:



a) Táboa de participación por cada etapa educativa:

Grupos	Ensinanzas		
	ESO	Bacharelato	FP
<i>Equipo Directivo:</i>	100%	100%	100%
<i>Profesorado:</i>	48%	39%	70%
<i>Alumnado:</i>	79%	31%	47%

b) Táboa de resultados resumo das Áreas (valoradas dende 1 ata 5):

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
A -Liderado	<i>Equipo Direct.</i>	3.1	3.5	3.2
	<i>Profesorado</i>	3.5	3.4	3.1
B- Colaboración e redes	<i>Equipo Direct.</i>	3.1	3.2	3
	<i>Profesorado</i>	2.8	2.9	2.7
	<i>Alumnado</i>	3.1	2.4	2.7
C- Infraestruturas e Equipos	<i>Equipo Direct.</i>	3.6	3.6	3.6
	<i>Profesorado</i>	3.8	3.8	3.5
	<i>Alumnado</i>	4.1	2.8	3.5
D- Desenvolvemento profesional continuo	<i>Equipo Direct.</i>	3.8	4	3.5
	<i>Profesorado</i>	3.5	3.2	3.2
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	<i>Equipo Direct.</i>	3.7	3.6	3.9
	<i>Profesorado</i>	4	3.9	4.1
	<i>Alumnado</i>	3.8	3.8	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	<i>Equipo Direct.</i>	3.4	3.7	3.6
	<i>Profesorado</i>	3.3	3.5	3.4
	<i>Alumnado</i>	3.2	2.8	3.4
G- Prácticas de avaliación	<i>Equipo Direct.</i>	2.4	3	3.1
	<i>Profesorado</i>	3	2.9	3.1
	<i>Alumnado</i>	2.9	2.3	3.1
H- Competencias dixitais do alumnado	<i>Equipo Direct.</i>	3.3	3.6	3.5
	<i>Profesorado</i>	3.2	3.1	2.8
	<i>Alumnado</i>	3.4	2.8	3.4

### 2.2.2. Test CDD:

A) Perfil do profesorado participante no Test CDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>47</u>	<u>55</u>	<u>85,5%</u>
PROVISIONAL	<u>11</u>	<u>11</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>3</u>	<u>5</u>	<u>60%</u>
SUBSTITUTO	<u>6</u>	<u>7</u>	<u>85,7%</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0%</u>

B) Informe grupal do Test CDD de centro.

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>70.2</b>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<b>76,4</b>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	<b>75.5</b>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<b>79.2</b>	<u>Integrador/a (B1)</u>
<b>BAC</b>	<b>72.9</b>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<b>77.9</b>	<u>Integrador/a (B1)</u>
<b>F.P.</b>	<b>68</b>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<b>80.3</b>	<u>Integrador/a (B1)</u>
<b>ESO (Adult. )</b>	<b>75.2</b>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<b>75.9</b>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	<u>3</u>	<u>4.5%</u>
<b>A2</b>	<u>29</u>	<u>43.3%</u>
<b>B1</b>	<u>26</u>	<u>38.8%</u>
<b>B2</b>	<u>9</u>	<u>13.4%</u>
<b>TOTAL</b>	<u>67</u>	<u>100%</u>

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Existen plans, programas, protocolos e sistemas de protección de datos no centro.	O profesorado e o alumnado, nunha parte sinificativa, consideran que se precisan máis dispositivos dixitais para o alumnado no Bacharelato, xa que na ESO e nos ciclos formativos o equipamento dixital do centro é amplo, aínda que pode ser mellorable.
	PERSONAL DOCENTE	Foméntase no centro o intercambio de experiencias sobre o ensino aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais, principalmente a través das liñas de formación do profesorado (PFPF, CFR, CAFI, etc...) e outras actividades formativas.	O profesorado considera que, pola falta de tempo, non ten oportunidade de debater, intercambiar e implementar as capacidades e habilidades adquiridas na formación na súa estratexia de aprendizaxe dixital e na súa avaliación na aula. O profesorado considera que ten pouca capacidade para a creación de contidos dixitais
	ALUMNADO	Case o 80% do alumnado poder realizar na casa o traballo escolar ó dispor de dispositivos dixitais adecuados e ter acceso a Internet.	A maioría do alumnado no Bacharelato non percibe que estea a adquirir competencias dixitais básicas sobre como: actuar de xeito responsable e con respecto na Internet, comunicarse empregando a tecnoloxía, crear contidos dixitais ou actuar de xeito seguro.
	FAMILIAS	Unha maioría das familias ten acceso na casa a un dispositivo dixital adecuado para realizar o traballo escolar.	O alumnado fóra do centro educativo asocia as tecnoloxías con actividades de ocio e un 35% non as emprega nunca en actividades de aprendizaxe non relacionadas co instituto.
	OFERTA	O centro difunde a información de interese e facilita o seguimento da actividade académica do alumnado a través de servizos dixitais educativos corporativos. Destacando entre alumnado e familias a aplicación AbalarMobil e a Aula Virtual.	Na oferta educativa do centro existen diferenzas no uso de recursos dixitais, mentras que na ESO todo o alumnado dispón de equipo dixital individual (EDIXGAL) en bacharelato non se dispón de ditos recursos dixitais.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A totalidade do equipo directivo promove e apoia ao profesorado para que investigue en novas formas de ensino co uso das tecnoloxías dixitais como medio de participación na organización do centro.	A estratexia dixital do centro deberá estar apoiada a través dun plan de comunicación e uso das TIC, ampliando as liñas de formación do profesorado para un maior emprego das TIC na metodoloxía da aprendizaxe e avaliación na aula.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A administración educativa está a promover e mellorar as liñas de formación do profesorado e, ademais está a crear espazos dixitais corporativos e colaborativos (Grupos de traballo, Seminarios,..)	A administración educativa está a implantar a LOMLOE nos distintos niveis educativos e na oferta educativa da formación profesional.
	LEXISLACIÓN	A complementación de plans e programas de innovación educativa que permitan mellorar as capacidades do profesorado e o uso das ferramentas dixitais na avaliación do ensino-aprendizaxe do alumnado.	A implantación da LOMLOE desenvolve nova lexislación e inflúe tanto na organización do centro como na oferta educativa da ESO, bacharelato e actualizacións na formación profesional.
	ANPA	A ANPA está a desenvolver un cambio na implicación nas actividades do centro e poderase potenciar a escola de pais/nais e facer actividades coas familias que fomenten o correcto uso das TIC no alumnado tanto dentro como fóra do centro.	Na actualidade é escasa a participación da ANPA nas actividades, programas do centro.
	OUTRAS ENTIDADES	Fomentar, ademais das liñas de formación coa administración educativa, o desenvolvemento de acordos, programas e actividades co concello e outras entidades locais e empresariais para traballos colaborativos no uso das TIC.	

### 3. Plan de Acción

O plan de acción está contemplado para a súa implementación ó longo do vindeiro curso, segundo a prioridade de actuación que se requira. Neste senso, durante o vindeiro curso 2022-2023 prestarase especial atención a: combater a fenda dixital e a mellora da competencia das familias, a formación do profesorado na súa CDD e en ferramentas dixitais que fomenten o traballo colaborativo, e a mellora da competencia dixital do alumnado.

Cada unha das accións propostas téñase asociado un obxectivo (SMART) mensurable, real, planificado e axustado ás necesidades do centro. Determinaranse unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación e ó final do curso.

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración e deseño do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e acción

O Plan de Acción a partir da análise DAFO estará formado polo establecemento das áreas prioritarias e os obxectivos que queremos conseguir.

Istos obxectivos están contextualizados coas áreas de mellora en relación co marco DigCompOrg.

**Para cada obxectivo hai unha táboa que recolle a seguinte información:**

- *Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.*
- *As accións para conseguir cada obxectivo, elixindo os responsables das mesmas, acordando unha temporización e determinando os recursos necesarios.*

*A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.*

<b>"Área/s de mellora": Liderado (A)</b>						
<b>OBXECTIVO 1 (1) :</b>	<b>Crear canles dixitais de comunicación dixital no centro</b>				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe do profesorado que participa nas comunicación dixitais do centro (Enquisa)					
<b>Valor de partida (3)</b>	50% do profesorado no curso 2021-2022					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	70% de profesorado que participa nas comunicación dixitais do centro			30/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
AO1.1: Elaborar e aprobar o Plan de comunicación do centro	Equipo directivo	01/10/2022	Plan de comunicación do centro.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.2: Crear grupos de traballo para desenvolver as distintos canles de comunicación (Espazo Abalar, Abalar pro, Edixgal,, Aulas virtuais...)	Xefatura de estudos	31/05/2023	Seguimento do Plan de comunicación do centro/ Memoria final		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.3: Ampliar o PFPP con liñas de traballo en recursos TIC de comunicación (Espazo Abalar, Abalar pro, Edixgal,...)	Xefatura de estudos/ Vicedirección	31/05/2023	Seguimento do Plan de comunicación do centro/ Memoria final		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

“Área/s de mellora”: Colaboración e redes (B)							
<b>OBXECTIVO 2 (1):</b>	<b>Promover o uso das TIC por parte do profesorado de forma colaborativa a través da súa participación en proxectos interdisciplinares no centro</b>					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe do profesorado que participa nos proxectos						
<b>Valor de partida (3)</b>	0						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	25% do profesorado participa nos proxectos.				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Elaborar un novo PFPP con liñas de traballo para mellorar a CDD do profesorado.	Equipo directivo	01/10/2022	PFPP curso 2022-2023		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Potenciar a realización proxectos interdisciplinares.	Equipo directivo Coordinador TIC	31/05/2023	Memoria Final PFPP 22/23 Resultados participación no PFPP		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Crear grupos e Seminarios para a formación en traballos dixitais colaborativos.	Equipo directivo Coordinador TIC	31/05/2023	Memoria Final PFPP 22/23 Resultados participación no PFPP		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: Colaboración e redes (B)							
<b>OBXECTIVO 3 (1):</b>	<b>Mellora da competencia dixital das familias a través da colaboración con outras entidades</b>					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de familias que participa en Talleres e Obradoiros de mellora da competencia dixital						
<b>Valor de partida (3)</b>	0						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	25% das familias participa nos Talleres e Obradoiros.				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Elaborar un proxecto de traballo coas familias na súa competencia dixital	Equipo directivo ANPA	31/10/2022	Proxecto na Escola de nais e pais		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Crear talleres e obradoiros de formación na competencia dixital para as familias.	Xefatura de estudos/ Dpto. Orientación	31/05/2023	Memoria Final Proxecto		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Ampliar o PFPP con liñas de traballo na Escola de nais/ pais	Xefatura de estudos/ Vicedirección	31/05/2023	Memoria Final de participación Enquisas de participación		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		



“Área/s de mellora”: Colaboración e redes (B)						
<b>OBXECTIVO 4 (1):</b>	<b>Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital do alumnado</b>				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo / Vicedirección				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de colaboracións con outras entidades (Instrumento: Memoria anual)					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	3 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías"	Vicedirección ou persoa responsable acts. extraescolares	31/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (orientación laboral, coñecemento profesional, medio ambiente, ciencia en galego, ...)	Vicedirección ou persoa responsable acts. extraescolares	31/05/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Consideramos que para levar a cabo este Plan dixital, na actualidade, dispoñemos das infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos suficientes no centro, polo que cremos non sexa necesario melloras neste apartado.

## 4. Avaliación do plan:

O seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será realizado mediante :

- **Avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Os resultados desta avaliación quedarán recollidos na Programación Xeral Anual do centro.

- **Avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos para considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Os resultados desta avaliación quedarán recollidos na Memoria final Anual do Plan dixital do centro.

## 5. Difusión do plan

A estratexia ou protocolo para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa será inicialmente coa súa presentación ó Claustro do profesorado e Consello escolar para a súa posterior aprobación.

Unha vez sexa aprobado o Plan dixital do centro, será publicado segundo o establecido no Plan de Comunicación do Centro como os demais documentos e plans aprobados e implementados no centro.